

Aventuras e desventuras da transmisión manuscrita da lírica medieval galega

Discurso lido o día 7 de marzo
de 2014 no acto da súa recepción,
pola excelentísima señora dona

Giulia Lanciani

e resposta da excelentísima señora dona

Rosario Álvarez



REAL ACADEMIA GALEGA



Aventuras e desventuras da transmisión manuscrita da lírica medieval galega

O solemne acto académico
no que foron lidos os dous
discursos recolleitos no
presente volume celebrouse
o 7 de marzo de 2014
no Salón de Actos da Real
Academia Galega.

Edita

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-87987-92-2

Depósito legal: C 219-2014

© Giulia Lanciani, 2014

© Rosario Álvarez, 2014

© Real Academia Galega, 2014

Coordinación da edición e produción

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Deseño da colección

Grupo Revisión Deseño

Impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Aventuras e desventuras da transmisión manuscrita da lírica medieval galega



REAL ACADEMIA GALEGA


A Coruña 2014

Discurso da excelentísima señora dona
Giulia Lanciani



É un feito innegable e xa consolidado que a reapropiación por parte da nación galega da súa propia cultura marcou un xiro decisivo tamén nos estudos sobre a poesía medieval, maiormente sobre a que atopou no galego un refinado medio expresivo: estudos que durante o secular período de catividade foron por longo, demasiado longo tempo, demandados a un exército de filólogos estranxeiros, sobre todo italianos, portugueses e algún francés ou francófono. Unha reapropiación que atopou un terreo de cultivo fértil na Universidade —mellor dito, nas Universidades galegas— e en ambientes extrauniversitarios, pero sobre todo na revitalizada Real Academia Galega, que me concedeu o honor de me inscribir entre os seus membros na prestixiosa condición de académica de honra. Un honor que certamente non merecía, pero que a vosa amizade e a vosa estima quixeron igualmente concederme, a pesar da modestia das miñas contribucións á galeguística; un honor polo cal desexo dar as grazas en primeiro lugar a vostede, señor Presidente, e xuntamente con vostede ós promotores da iniciativa e a todo o corpo académico que a apoiou e a aprobou.

As mudadas condicións socioculturais permitíronvos a vós, ilustres académicos, e a toda a intelligentsia galega estender a recuperación crítica fóra da área medieval, a sectores de actividade literaria que —inevitabilmente descoidados no estranxeiro— merecían pola contra atención como teselas indispensables para restaurar un tecido aparentemente fragmentado pero cuxos fragmentos resultaban ser, ante un exame máis atento, illas emerxidas de correntes somerxidas: un exame que só vós podíades encarrear, porque requiría un acceso ininterrompido a fontes existentes en arquivos ós que só vós podíades ter un acceso libre e continuado. A nós quedábanos nos séculos pasados a tarefa de adentrarnos cada vez máis profundamente nos camiños trazados polo autor do milagre que salvou da desaparición un corpus lírico de gran valor literario, cultural e filolóxico, que debe a súa supervivencia —e isto é un orgullo para nós— a un italiano, a aquel Angelo Colocci cuxa



curiosidade intelectual lle fixo intuír o valor dun período poético que merecía un posto de relevo a carón do provenzal e do italiano; pero tamén ós meus outros compatriotas Ernesto Monaci e Enrico Molteni, que souberon exhumar das bibliotecas, nas que xacían intonsos, os dous principais transmisores, os cancioneiros Vaticano e Colocci-Brancuti, que non só confirmaban a súa existencia —xa declarada polo incompleto cancionero da Ajuda—, senón que cuadruplicaban, e aínda máis, os achados, e por riba dándolles un nome ós seus protagonistas, desde os case descoñecidos xograres ós grandes aristócratas, para acabar cos dous reis, Afonso X e don Denis. O resto é historia ben coñecida, mais nela fican aínda sen resolver, ou só parcialmente clarexados, algúns problemas que me permitirei propoñer ou, mellor, repropoñer á vosa consideración.

Un deles é aínda o das vicisitudes a través das cales Colocci tivo coñecemento e acceso a este notable corpus lírico. Algúns elementos históricos relativos ó caso foron xa clarificados, grazas a unha grande estudosa portuguesa, Elsa Gonçalves; aínda así, gustaríame relembralos, inserindo os datos verificados nun contexto en parte hipotético e polo tanto opinable, pero ó meu parecer merecente de atención.


A historia podería comezar o 19 de marzo de 1514, nunha Roma probablemente en grande axitación: na Porta Flaminia e na Piazza del Popolo agardábase a chegada xa inminente da fastosa embaixada que o rei Manuel de Portugal lle enviara a León X, desembarcada en Porto Ercole, o máis meridional da Toscana, e que lle levaba ó papa unha serie de suntuosos regalos, escollidos persoalmente polo rei segundo os gustos do pontífice, entre eles o famoso elefante branco, despois inmortalizado en tantas representacións, entre elas a célebre da Piazza della Minerva.

Era unha embaixada de obediencia, que don Manuel enviaba a Roma para celebrar a conquista da península de Malaca, e por iso particularmente nutrida de dignitarios rexios de gran prestixio e portadora de numerosos agasallos exóticos: un manuscrito chinés, porcelanas tamén chinesas, aves e outros animais procedentes de Asia e das Américas, unha pantera, pero por riba de todo o elefante, un «cachorro» de catro anos que o seu cornac indio chamaba *Hanna* (ou sexa, elefante), e que os romanos, en vista das súas proporcións, rebautizaron como *Annone*. Pero era sobre todo a composición da embaixada o que revelaba o desexo do rei de darlle a maior resonancia posible ó evento: o xefe da delegación era o famoso navegante e

xefe militar Tristão da Cunha, e o seu segundo era Diogo Pacheco, brillante orador e experto nos usos protocolarios da curia. Mais entre os integrantes, ademais de xuristas e diplomáticos, e en calidade de secretario de Tristão da Cunha, atopamos a Garcia de Resende, debuxante e músico de valía, historiador e poeta, a quen se debe aquela preciosa recolleita de rimas do século XV coñecida co nome de *Cancioneiro Geral*. A viaxe a Roma deixa recordos imperecedoiros no poeta lusitano, que na súa *Miscellanea* contará que viu a Michelangelo e Rafael, e que nun discurso pronunciado na Universidade de Lisboa citará Italia como berce do Humanismo.

Pero o que cómpre salientar nesta ocasión, ademais da presenza de Resende, é que entre os compoñentes da delegación estivese o bispo de Viseu, Miguel da Silva, que asumirá no mesmo ano as funcións de embaixador portugués ante a Santa Sé en substitución de João de Faria —volto por vontade propia a Lisboa—, e que na súa longa estadía diplomática en Roma —prolongada ata o 1525 durante os pontificados de León X, Adrián VI e Clemente VII— tomou parte activa na vida cultural da cidade, frecuentando as reunións de Castel Sant’Angelo (con Giovanni Rucellai, Gian Giorgio Trissino, e algúns artistas portugueses alumnos de Michelangelo) e estreitando amizade co cardeal Farnese, seguindo a xestación do *Cortigiano* que despois Castiglione lle dedica no 1527, participando nos encontros en cas de Vittoria Colonna e nos hortos de Angelo Colocci, o humanista iesino secretario de Clemente VII que o noso bispo coñeceu certamente en persoa. O seu dominio do latín e do grego, estudados en Siena, é celebrado —elemento esencial para o noso discurso— nun epigrama de Lattanzio Tolomei, co cal fixera amizade precisamente en Siena, pero que despois volverá atopar na curia onde Lattanzio se establece como embaixador da república sienesa.

O novo embaixador Miguel de Silva tiña por secretario un clérigo portugués, António Ribeiro, camareiro de Clemente VII, que no 1525 volve con Miguel da Silva a Lisboa: Ribeiro recibe do papa a delicada e prestixiosa encarga de entregarlle ó rei don João III a Rosa de Ouro; e este Ribeiro é tamén un personaxe clave nas vicisitudes sufridas pola poesía medieval galega dos séculos XII-XIV que, se é correcta a reconstrución dos feitos, se salvaría da perda case total grazas precisamente a unha embaixada, a do 1514, coa cal, no séquito do seu bispo, António Ribeiro foi por primeira vez a Roma.




O punto de partida para a reconstrución, en parte documental e en parte conxectural, da operación que permitirá preservar case totalmente a poesía lírica medieval galega, é un apuntamento de Angelo Colocci, ó pé do folio 204 verso do códice Vaticano Latino 4817 —autógrafo—, no que o coñecido humanista das Marcas anota que «messer Octaviano di messer Lactantio ha il libro di portughesi - quel da Ribeira l'ha lassato». Tense postulado xustamente que o «messer Lactantio» do apuntamento colocciano é o mesmo Lattanzio Tolomei con quen tanto Miguel da Silva coma Colocci tiñan gran familiaridade, e que para Colocci —como é evidente polo teor da súa nota— era o medio ideal para conseguir aquel Libro, aínda que non se deu sabido con exactitude quen podería ser o tal «messer Octaviano» que posuía o «Libro di Portughesi» deixado por «quel da Ribeira»; pero parece posible formular a hipótese de que este «Ribeira» fose precisamente o António Ribeiro secretario de Miguel da Silva, o cal, volto como xa se dixo a Portugal no 1525 en compañía do bispo, lle confiara a ese Octaviano —quizabes un servidor do nobre sienés— o volume que Colocci desexaba conseguir. Que é o que contiña ese Libro non é difícil de conxecturar, coñecendo o interese do humanista iesino pola poesía medieval romance, italiana e provenzal. E tamén «portuguesa».

Como apaixonado coleccionador de documentos literarios medievais en vulgar, tiña xa Colocci, cando escribiu este apuntamento, algún coñecemento da poesía medieval «portuguesa»? As opinións ó respecto son contraditorias: algúns estudosos sosteñen que a mesma precisión con que o humanista iesino toma nota do Libro e dos nomes do seu dono, do seu depositario e de quen o pode poñer en contacto con eles, indica que intuía canto a consulta daquel volume podía resultar importante para os seus estudos. E polo tanto sabía que naquel volume atoparía textos poéticos coevos dos italianos e provenzais dos que se estaba ocupando, e que estes textos eran «di Portughesi»; mais como naquela época ninguén en Italia tiña noticia da existencia dunha poesía medieval «portuguesa», de onde podería tirar Colocci a convicción de que aquel Libro podía ser esencial para as súas investigacións senón do feito de posuír xa outra recolleita daquelas poesías? Os que sosteñen esta tese pensan que Colocci —polos seus contactos cos intelectuais lusitanos que tomaran parte na embaixada de Manuel I— conseguiría xa con anterioridade en préstamo un volume análogo, pero de máis modestas proporcións, ó

de António Ribeiro, un volume do que xa fixera tirar unha copia —e esta sería o Cancioneiro Vaticano (o códice Vat. Lat. 4803)—, pero que agora, ó ter noticia destoutro volume (que xa sabe que é «di portughesi», e polo tanto análogo ó que posúe), desexa obtelo en préstamo —valéndose precisamente dos bos oficios do seu amigo Lattanzio— para colacionalo co que xa ten de seu. Esta segunda fase da operación desenvólvese no 1525, despois da partida de «quel da Ribeira», e entre o 1525 e o 1527 (ano do saco de Roma) Colocci probablemente obtén en préstamo o Libro, fai unha rápida colación co seu, comproba que o novo contén un número de textos maior e decide facelo transcribir, utilizando desta volta non un só copista coma para o Cancioneiro Vaticano, senón polo menos cinco amanuenses, todos da curia pontificia, que levan a cabo unha copia *alla pecia*, ou sexa, repartindo entre si os cadernos do orixinal: se callar porque era necesario acelerar os traballos, dado que no 1526 António Ribeiro regresa de Portugal e probablemente se preocupa de volver entrar en posesión do famoso Libro.

Antes do saco de Roma do 1527, Colocci está, xa que logo, en posesión de dúas recolleitas das poesías que trobadores e xograres galegos e portugueses compuxeran nas cortes señoriais galegas ou nas reais de Afonso X e de don Denis. Cando deixa a curia, ten posto a salvo na Biblioteca Vaticana o seu primeiro cancioneiro, e parece lícito pensar que levase consigo o volume do segundo, na transcripción que fixera executar —ás súas expensas— polos amanuenses da curia: ás Marcas, quizabes a Jesi, posto que despois este volume —o que chegará a ser o Cancioneiro Colocci-Brancuti— sería achado a fins do século XIX na biblioteca dos condes Brancuti de Cagli, unha viliña non moi distante de Jesi.

En cambio, outros estudosos consideran improbable que á Roma quiñentista chegasen contemporaneamente ou case dous cancioneiros «portugueses» diferentes: a súa hipótese é que do «Libro di Portughesi» Colocci fixera tirar dúas copias, unha reducida e outra máis vasta. Non obstante a aparencia, esta parece unha hipótese menos económica cá outra, porque resultaría polo menos singular que a mesma persoa asumise un gasto dobre para ter dúas copias —análogas, aínda que non plenamente coincidentes— do mesmo cancioneiro, unha delas menos completa cá outra. Parece en efecto máis lóxico supoñer que nun primeiro tempo fose transcrita a copia menos completa —a da Biblioteca Vaticana—, e que só nun



segundo momento, despois de ter noticia da existencia doutro cancionero, Colocci se decidise a facerse tamén con este. Pero trátase sempre de hipóteses, mesmo se en favor dunha dobre fonte está o feito de que o interesado se preocupase de poñer a salvo, levándoo consigo, só o Cancioneiro Colocci-Brancuti e deixase o outro na biblioteca da curia.

Sexa como for, o feito é que despois da dobre transcripción o modelo ou os modelos de B e de V se perderon: nin o «Libro di Portughesi» de «quel da Ribeira» nin o eventual outro cancionero fonte do Vaticano sobreviviron; e non sobreviviu tampouco o cancionero a partir do cal foi transcrito o exemplar, único, ou foron transcritas as dúas coleccións, diferentes, fontes respectivas de B e de V; nin sobreviviu o cancionero que tivo que existir previamente: un cancionero que se debía conservar, xunto con outros, na biblioteca da corte, en Lisboa, como se deduce da lista dos manuscritos rexios que fixo compilar a principios do século XV o rei Duarte, mais que probablemente foi destruído, xunto cos outros, como consecuencia do terremoto e dos incendios que devastaron a capital portuguesa en 1755. Un cancionero mantido longo tempo, celosamente, a resguardo de ollos indiscretos, e que só nos derradeiros anos do século XV —coa apertura da biblioteca de Palacio á libre consulta da intelligentsia lusitana— podería dar lugar á copia ou ás copias levadas a Italia.


Desaparecida a matriz, desaparecidas as transcripcións feitas en Lisboa, ficaron —para documentar a existencia e a articulación da lírica galega dos séculos XIII e XIV— só os dous códices coloccianos. Só outro cancionero máis preservou unha parte mínima desta lírica, o chamado Cancioneiro da Ajuda (polo nome da biblioteca onde está actualmente depositado); pero trátase dun códice incompleto, que transmite só 310 dos aproximadamente 1600 textos que compoñen o acervo actualmente coñecido, e só —ou case só— cantigas de amor, e por riba todos anónimos, xunto ó cal uns poucos fragmentos transmitiron os nomes de tres trobadores e dun xograr. Poucos en verdade, en comparanza dos 156 escrupulosamente rexistrados por Colocci.

Non será polo tanto excesivo afirmar que a embaixada do 1514, ó transferir temporalmente a Italia os dous cancioneros polos que se interesou o humanista italiano —ou, se se prefire, un único cancionero—, contribuíu de xeito determi-

nante a salvar unha memoria histórico-literaria outramente reducida a poucos, lábilos rastros. E sen a curiosidade intelectual de Colocci e o coidado que poderíamos definir como case filolóxico que lles dedicou ós seus dous cancioneros, esa memoria desaparecería case por enteiro na nada, xunto con arredor de 1300 dos textos que a formaban e cos nomes de 152 dos autores que a construíran.

Se o dos feitos históricos é un problema cuxos datos son en parte atestados e en parte conxecturables, e daquela está polo menos parcialmente resolto, en cambio, o da confección e da localización do terceiro cancionero, o da biblioteca da Ajuda, está aberto por completo. A pesar do empeño atento e intelixente doutra estudosa portuguesa, Maria Ana Ramos, que desvelou felizmente unha parte das cuestións relativas á súa historia e á súa estrutura, quedan de resolver outras cuxa solución parece ardua, se non imposible. A principal é a da súa orixe: quen foi o que o encargou? En que ambiente foi proxectado e confeccionado? Na corte de Afonso X ou no Portugal de don Denis? Por que foron interrompidas a transcripción e a ornamentación? Por que motivo, paralelamente á transcripción dos textos, non se procedeu a inserir as rúbricas atributivas —tarefa polo regular asignada ó propio amanuense, ó cal se lle demandaba tamén a ornamentación, sequera a menos comprometida, ou sexa as iniciais coradas de estrofa— dado que este dispoñía xa das tintas vermella e azul necesarias? E en vista de que, mesmo dentro da xeral coincidencia das leccións de A coas de B e V, se poden así a todo advertir discrepancias, e considerando que en BV faltan algúns textos presentes en A —e polo tanto para nós destinados ó anonimato—, pódese dalgún xeito pensar que A e BV teñan nalgún caso bebido en fontes diversas? E como se pode explicar que nestes casos a lección de A sexa en xeral de calidade superior á concorrente?

É verdade que unha primeira resposta a algunhas destas preguntas pode ser dada, polos menos en vía hipotética, mais coa consciencia de nos movermos por un terreo esvaradío. Pódese por exemplo supoñer que a disposición xeral de A e algunhas das súas características haxa que atribuílas a un *scriptorium* ben provisto, tanto desde o punto de vista técnico coma do económico, e polo tanto capaz de dispoñer de pergamiño de boa calidade, de amanuenses profesionais, de copistas de música, de miniadores expertos: condicións todas estas cuxa existencia é facilmente conxecturable para a corte de Afonso X, produtora dos preciosos códices das



afonsinas Cantigas de Santa María, menos facilmente imaxinables na corte de don Denis, vista a baixa calidade do fragmento de cancionero dionisiaco descuberto na Torre do Tombo de Lisboa. Pero tamén é verdade que sobre o cancionero da Ajuda segue habendo numerosas interrogantes, e as investigacións deberían afrontar polo menos algúns dos aínda numerosos problemas que o atanguen; e o problema máis arduo, pero tamén o máis interesante de resolver, é o dos vinte textos que ficaron anónimos por estaren presentes en A mais ausentes nos cancioneros collocianos, e polo tanto presumiblemente tamén no proto-cancioneiro organizado polo conde de Barcelos entre o 1325 e o 1350.

E é xusto este proto-cancioneiro o que propón outra serie de problemas de non doada solución. É sabido que xa antes da morte de don Denis se creara na corte portuguesa unha situación conflictiva que se acentuou despois da desaparición do rei. Don Pedro, que a causa desa situación xa sufrira o exilio en Castela, ó volver á patria en 1322 preferira abandonar a corte, retirándose a un pazo seu en Lalim, na Beira, e dedicándose a organizar unha recolleita das cantigas nun cancionero que, como resulta do seu testamento redactado no 1350, se propoñía deixarlle en herdanza ó seu sobriño Afonso XI de Castela, morto porén nese mesmo ano, de peste, durante o asedio de Xibraltar. Este cancionero, ó menos polo que resulta dunha comparanza entre B e V, recibiu aínda, durante a súa secular permanencia na corte portuguesa, unha serie de insercións ou enxertos que se estratificaron sobre o tecido primitivo: unha estratificación da que quedaron numerosos rastros.

O problema máis interesante de resolver ó respecto podería ser o de tentarmos unha reconstrución do cancionero primixenio, depurándoo das estratificacións acontecidas no tempo, en parte seguramente aínda en vida de don Pedro, pero quizabes a maioría posteriores ó 1350 e continuando ata os derradeiros anos do século seguinte, para termos un cadro o máis fiel posible de cales e cantos foron os materiais dispoñibles na primeira fase de confección da recolleita, e asemade do número e da calidade dos fluxos que tiveron lugar sucesivamente.

Pero quizabes o máis urxente é o de proseguir as esculcas de carácter lingüístico en procura de galeguismos que escaparon á lusitanización non só gráfica levada a cabo polos amanuenses de don Pedro. Porque xa os poucos ata agora sinalados deixan intuír que a lingua en que estaban escritas as cantigas chamadas «galego-

portuguesas» non era o portugués, nin moito menos o «galego-portugués», senón máis sinxelamente o galego: un galego lingua común da lírica medieval peninsular, a única usada polos trobadores e polos xograres non só galegos senón orixinarios de calquera rexión da Península e, xaora, de Portugal, ó que hai desde logo que recoñecerlle o mérito de ter participado activamente no desenvolvemento dunha literatura poética en galego e tamén o de ter contribuído a preservar un patrimonio iberorromance común, aínda que fose apropiándose subrepticamente del a través dunha operación de transcripción/tradución que transformou un cancionero galego no «Libro di Portughesi» buscado por Colocci, mais que tamén contribuíu a facer dun período lírico completamente galego, nacido por obra de poetas galegos ou non galegos, pero todos escritores en galego, un cúmulo monstruosamente denominado «galego-portugués»: unha denominación que, se ben podería ser aceptada para designar o complexo textual transmitido polos tres cancioneros citados, non pode ser admitida —como a miúdo se ten feito e segue a facerse— para indicar a lingua na que ese complexo textual foi concibido e producido. Agás que aceptemos a idea de que Afonso X usase o chamado «galego-portugués» tamén para as súas Cantigas marianas, ou que se escindise entre un galego puro para as Cantigas marianas e un pseudo galego-portugués para as profanas.

O problema que se presenta aquí é o dunha recuperación da denominación correcta na designación da xeira lírica galega. É un dereito dos galegos eliminar un nome híbrido, como se fixo en Italia, onde a poesía medieval siciliana, malia ternos chegado en condicións análogas á galega, toscanizada polos copistas toscanos que a transcribiron, chámase poesía siciliana e non poesía sículo-toscana, e non se usa un híbrido do tipo «sículo-toscano» para designar a lingua en que esta poesía nos foi transmitida. É ben verdade que a maior parte da poesía siciliana foi producida por poetas sicilianos e por algún meridional asimilado culturalmente á corte de Federico II, mais non por toscanos, mentres que a poesía galega é obra de poetas e xograres de varias rexións hispánicas e tamén de poetas portugueses, de xeito que a situación é en parte diversa; con todo, permanece o feito lingüístico, fundamental, de que os textos sicilianos foron indebidamente toscanizados, tal como os galegos foron tamén indebidamente lusitanizados, e que o factor lingüístico orixinario —mesmo se alterado (en Toscana máis profundamente, sobre todo nas rimas)—



está en ambos os casos desfigurado pola transcripción, e esixe polo tanto unha reprintsinación polo menos nominal. E en ambos os dous casos existen parámetros que autorizan tal reprintsinación: por unha banda os non moitos textos que nos chegaron por tradición directa —textos sicilianos transmitidos en siciliano—, pola outra os indicios galegos que sobreviviron na lusitanización e mais os textos transmitidos polo cancionero da Ajuda. Tarefa dos amigos e colegas galegos —xa autores de notables traballos sobre a súa poesía medieval— podería ser a de reivindicaren incisivamente a denominación correcta de tal poesía, sexa espigando atentamente outros galeguismos remanentes en BV, sexa privilexiando, nos textos comúns a A e a BV, as leccións de A fronte ás leccións alternativas das outras dúas recolleitas: un labor de cartuxos, por certo, este último, pero que ninguén mellor ca vós, amigos académicos, está en condicións de desenvolver.

Neste punto xórdeme a dúbida de que quizabes desta miña intervención esperádes algún resultado novo, froito inédito de investigacións persoais; pero de calquera maneira espero que non quedádes desilusionados se pola contra me limitei a trazar nada máis ca un cadro dos problemas que a lírica medieval galega ofrece á curiosidade de nosoutros, os exploradores de pergamiños e de papeis antigos: a investigación sobre as nosas comúns traxectorias literarias é sempre fascinante, e precisar ben os termos sobre o estado dos traballos pode resultar útil para suscitar novas ideas e para enfocar os novos problemas que o propio progreso dos estudos suscita conforme os horizontes do noso coñecemento se amplían e a experiencia proporcionada polos resultados obtidos abre novas perspectivas de investigación, nunha por fortuna inesgotable fonte de incentivos, á procura utópica da verdade.

E agora, xa para rematar, non me queda máis ca renovarvos o meu fondo recoñecemento pola honra que me concedestes, e desexarvos/desexarnos bo traballo, asegurándovos que por parte de nosoutros, estranxeiros pero cointeressados, non vos faltará nunca o noso apoio na exploración filolóxico-literaria.

Resposta da excelentísima señora dona
Rosario Álvarez



Excelentísimo señor presidente, excelentísimos señores e señoras académicos, miñas donas, meus señores

É moito o que Galicia lle debe a Roma, berce da civilización e da lingua que, hibridada pola dos nosos ancestros e arrequentada neste fisterra por unha rexa cadea de xeracións, primavera tras primavera, deu lugar á que hoxe consideramos patrimonio de noso e o principal sinal de identidade dos galegos. Roma e Galicia, unidas de maneira indisoluble por unha rede excepcional de camiños: camiños sagrados polos que avanzou a humanidade cara a occidente, buscando o solpor, desde a noite dos tempos, quen sabe se nalgúns casos aproveitados por aqueles esforzados fillos de Roma que, pé tras pé, se estenderon desde o Lacio ata os confíns de Europa; camiños e pontes abertos e construídos tamén por aqueles romanos que trouxeron ata aquí a súa cultura e que, en boa medida, axudaron a vertebrar Galicia; camiños de peregrinación percorridos polos romeiros que, por séculos, acudiron e acoden aos principais centros da cristiandade en occidente, Roma e Santiago de Galicia.

Santiago de Compostela, a Roma de occidente. Reparen: *romeiros, romaxe, romaría...*, palabras que nos vencellan coas festas que os galegos consideramos máis propias e máis expresivas do noso acervo cultural, ritos ancestrais que nos relembran a nosa pertenza a unha comunidade singular, a unha cultura con marcados sinais de identidade. E na base desas palabras, ben recoñecible, *Roma*. O Mediterráneo e o Atlántico unidos de forma permanente por fíos invisibles e pegadas culturais gravadas no cerne da nosa tradición.

Señor Presidente, señoras e señores académicos, no acto de hoxe, renóvase unha vez máis, con novos azos, ese vencello cultural. De Roma chega Giulia

Lanciani, romana doc (isto é, con denominación de orixe controlada), e trae canda ela non só os seus moitos méritos persoais senón os ecos e a compañía de tantos outros filólogos italianos aos que a cultura galega moito lles debe. A literatura científica producida sobre a nosa lírica está inzada de nomes de italianos e italianas, só nunha mínima parte mencionados ou aludidos no seu discurso (e digo filólogos no sentido primixenio de ‘amador das palabras, dos textos’): conservadores, transmisores, copistas, mecenas, exhumadores, eruditos, estudosos, investigadores, editores, profesores, divulgadores do coñecemento... Nada sería o mesmo sen o seu concurso. Dámoslle a Giulia as grazas por todos eles, en nome de todos nós.

* * *

Giulia Lanciani, Catedrática de literatura portuguesa e brasileira no Departamento de literaturas comparadas da Università Roma Tre, ten un amplo abano de intereses literarios que nos atangue, tanto no seu arco cronolóxico —que comprende con especial interese a época medieval— coma no seu marco lingüístico e xeográfico —que inclúe a lingua, literatura e cultura galegas, nalgunhas das súas expresións máis xenuínas—. Poderíase resumir o seu amplo currículo investigador en tres liñas privilexiadas, que citarei en orde cronolóxica inversa: a literatura contemporánea de expresión portuguesa, os textos portugueses da Idade Moderna (sobre todo ligados ao teatro e á literatura de viaxes) e a nosa poesía lírica medieval. Únase a isto, ademais, a súa preocupación pola tradución e divulgación de autores portugueses, brasileiros e galegos contemporáneos, sobre a que logo volveremos.

Conto no seu currículo investigador preto de cento cincuenta publicacións, entre monografía, artigos, congresos, edicións críticas, edicións literarias, homenaxes, antoloxías, traducións, recensións... E das máis variadas temáticas, dentro das grosas liñas enunciadas anteriormente: problemas ecdóticos, metodoloxía da tradución literaria, tipoloxía de personaxes, orixe e recursos da lírica, características da literatura de viaxes e naufraxios, apuntes históricos, interculturalismo e mestizaxe cultural, notas lexicolóxicas e onomásticas, gramática... E tamén cun amplo abano de autores concernidos: poetas medievais (como Fernán Vello, que editou, ou Ayras Veaz “il trovatore dimezzato”); autores portugueses renacentistas ou barrocos (como

Camões na lírica, Bernardim Ribeiro na novela, Fernão Mendes Pinto na crónica de viaxes, Chiado e Gil Vicente no teatro, António Vieira no sermón e o ensaio); autores e autoras contemporáneos, con frecuencia portugueses (moitos consagrados, pero tamén atenta aos noveis: Fernando Namora, Manuel Alegre, Sophia de Mello Breyner, Pedro Tamen, Ruy Belo, Carlos de Oliveira, Fernando Pessoa, José Régio, José Saramago, Eugénio de Andrade, Vasco Graça Moura, Teresa Rita Lopes, José Luís Peixoto...); autores brasileiros (grandes figuras, canonizadas nas historias da literatura, como Anchieta, Guimarães Rosa, Carlos Drummond de Andrade, Manuel Bandeira, Manoel de Barros, Jorge Amado..., mais tamén outros máis eclécticos como Chico Buarque de Holanda ou como Juó Bananère, que emprega como lingua literaria o *patois* da colonia italiana de São Paulo); autores cataláns (como Salvador Espriu e o alguerés Antoni Canu); e, finalmente, galegos.

Por atención a esta ocasión, é de xustiza citar de maneira máis demorada a presenza destes entre a numerosa compañía dos que transitan polo seu currículo. Comeza coa súa tradución de *Os escuros soños de Clío* do chorado Carlos Casares (1989), primeiro volume da colección “Poeti e prosatori galeghi”, da editorial Japadre, que apadriña e codirixe con Giuseppe Tavani, quen se encarga da tradución e edición do segundo volume, *Tempo en Compostela* de Salvador García-Bodaño (1989), que felizmente nos acompaña. Segue coa atención prestada aos poetas novos ao remate do século XX, na contribución “Miro Villar e la poesía galega di fine seculo” (2006). Non esqueceu saudar e difundir, por medio de recensións críticas e outros medios, a noticia de publicacións feitas en Galicia sobre a lírica medieval, como a edición de Xoán Airas de Santiago, nin difundir e poñer en valor noticias doutros fitos culturais, como a tradución galega da *Divina Comedia*, obra de Darío Xohán Cabana. A pesar do segredo preceptivo, que de ningún xeito queremos quebrantar, corren entre nós fundadas sospeitas de que a ollada atenta de Giulia Lanciani, e non só, está detrás do recoñecemento e promoción da cultura galega no contexto italiano, en forma de premios e edicións.

A profesora Lanciani e todos vostedes deben desculpar o apertado resumo do seu amplo currículo docente, investigador, divulgador e de acción cultural. En todo caso, abonda con dicir que Giulia Lanciani é coñecida e recoñecida no campo da filoloxía románica como unha eminente investigadora e divulgadora do noso cor-

pus lírico medieval, con edicións e importantes traballos que son referencia obrigada entre os estudosos deste campo; vallan como mostras os seus estudos sobre a xénese da lírica galega, as edicións críticas de trobadores, os seus artigos sobre as características da tenzón e da sátira galegas e o *Dicionario da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (do que é coautora, con Giuseppe Tavani, que nos acompaña. Beizón!).

Non estraña, por iso, que Giulia fose homenaxeada pola Universidade Nova de Lisboa e pola Universidade de Lisboa, que a nomearon doutora *honoris causa* (en 2003 e 2011, respectivamente), e pola República Portuguesa coa distinción de Grande-Oficial da Ordem do Infante Dom Henrique (maio de 2011). Un grupo de investigadores galegos ofrecémoslle unha modesta pero sentida homenaxe en forma de libro en 2009, co acaído título de *Pola melhor dona de quantas fez nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani* (coord. Mercedes Brea, Santiago de Compostela: CIRP). Hoxe a Real Academia Galega hónrase incorporándoa como académica de honra.

* * *

Permítanme unha pequena nota persoal, que non mencionaría se non atanguese tamén a outros dos aquí presentes e se non axudase a mostrar quen e como é a primeira muller que le o discurso de ingreso na Real Academia Galega como académica de honra.

Coñecín persoalmente a Giulia Lanciani nos primeiros anos oitenta, pero realmente a nosa relación comezou en decembro de 1986, en Compostela, a onde acudiu acompañando a Giuseppe Tavani para, entre outras actividades, presentar a tradución galega de *A poesía lírica galego-portuguesa* (Galaxia 1986), traducida por Henrique Monteagudo e por quen lles fala. Créanme se lles digo que unha das lembranzas máis nítidas daqueles días de convivencia foi a fascinación por Giulia Lanciani: aquela muller culta e intelixente, fermosa, pura elegancia nas formas, no trato e nas palabras, ademais de ser a gran filóloga que todos recoñecemos xa, era unha persoa afable e cariñosa, simpática, gran conversadora, sempre demostrando interese polo outro; Giulia irradiaba unha luz e unha enerxía especiais, e de maneira

natural, fluente, por encanto, facía que a vida dos que a rodeabamos fose máis interesante e máis bonita.

Recordo tamén daqueles primeiros anos de amizade unha viaxe que Henrique Monteagudo e mais eu fixemos con Giulia e Giuseppe Tavani, acompañados de Alfredo Conde, ata Muros e Fisterra. Á volta paramos en Corcubión, porque Henrique estaba empeñado en que eles coñecesen un poeta galego que daquela andaba investido, con verdadeira paixón, na tradución ao galego do *Cancioneiro* de Petrarca ou quizais xa da *Divina Comedia*. E alá fomos ter á tardiña con Darío Xohán Cabana. Eu quixera revivir con vostedes o entusiasmo con que, diante daquel afouto mozo galego que se atrevía cos máis grandes, para eles un descoñecido na fin do mundo, desde a primeira hora, Giulia e Giuseppe se volcaron en dar azos, en tender unha man, en ofrecerse a enviar axuda, en contribuír ao bo éxito daquela empresa titánica. E así foi: iniciouse aí unha relación que dura ata hoxe, coa solidariedade e o afecto mutuo por riba de todo.

* * *

Coa fineza que a caracteriza, persoal e profesionalmente, Giulia Lanciani percibiu a importancia que o período medieval ten no fortalecemento da autoestima do pobo galego e na “reapropiación por parte da nación galega da súa propia cultura”; percibiu tamén, como motivación fundamental do seu nomeamento como académica de honra, o recoñecemento da Real Academia Galega pola súa contribución neste campo, que brilla e se fai aínda máis valiosa na nutrida compañía dos prestixiosos antecedentes italianos xa aludidos. E, por iso, debemos agradecerlle que centrase o seu discurso de ingreso na conservación e transmisión do corpus lírico galego, cunha nova contribución que é un galano para todos nós.

No principio era Colocci, Angelo Colocci. Como a nova académica relatou, ela e outros prestixiosos filólogos italianos —nomes e ecos que nos son especialmente caros— camiñaron polos camiños principiaados polo autor do milagre, este humanista renacentista, poeta el mesmo e gran coleccionista, que coa súa curiosidade intelectual e a súa paixón pola poesía medieval salvou do naufraxio estas xoias poéticas que constitúen un dos maiores monumentos líricos da cultura europea. A

nosa débeda con el nunca poderá ser paga (quero lembrar para todos que, en homenaxe modesta pero moi significativa, cinco séculos despois do milagre, a cidade de Lugo lle dedicou unha rúa). Atrás del aínda contribuiría o conde Paolo Brancuti, que uniu para sempre o seu nome ao do Cancioneiro B.

No seu discurso de ingreso, Giulia Lanciani reconstruíu para nós de maneira verosímil como viaxaron as cantigas de Portugal a Roma e como chegaron ao coñecemento deste apaixonado coleccionista de documentos literarios medievais en distintas linguas romances. Conforme ela conxectura, Colocci salvaría non só o Cancioneiro B, coñecido como Colocci-Brancuti, senón tamén o Cancioneiro V, o da Biblioteca Vaticana. Perdidos os orixinais portugueses levados a Roma e perdidos todos os antecedentes de ambos, só sobreviviron as copias mandadas facer por Colocci, por fortuna cun coidado filolóxico encomiable; el salvou non só a maior parte do noso corpus lírico (arredor de 1300 cantigas non aparecen no Cancioneiro da Ajuda) e os nomes de case todos os poetas (152 autores serían hoxe anónimos). Sen pretendelo, a nova académica fainos unha advertencia sobre a febleza da conservación e transmisión do patrimonio cultural: incluso cando é ben valorado e está en mans expertas pode correr o risco de se perder irremediabilmente (velái o valor da documentación e das copias!).

* * *

Hai outra liña argumental que aflora neste discurso e que quixera recoller, diante desta audiencia, para dar cabo á miña resposta: a “reapropiación” por parte dos galegos do corpus lírico medieval. Xa en traballos anteriores Giulia Lanciani manifestou a súa percepción de que esta floración literaria só se pode explicar ben como un fenómeno cultural de retagarda respecto da fronte de batalla cos musulmáns, co que contribuíu de maneira decisiva a poñer o foco sobre Galicia e a reclamar, con voz cada vez máis autorizada, a galegitude dese corpus lírico que outros contribuíron a etiquetar como “galego-portugués”.

Hoxe, na derradeira parte do seu discurso, Giulia Lanciani proclamou diante desta audiencia o que xa ten dito noutras ocasións públicas e privadas: canto máis se avanza no estudo dos cancioneros e da tradición manuscrita, máis patente se fai

que a lingua en que estaban compostas as cantigas chamadas *galego-portuguesas*, cito as súas palabras, “non era o portugués, nin moito menos o «galego-portugués», senón máis sinxelamente o galego: un galego lingua común da lírica medieval peninsular, a única usada polos trobadores e polos xograres non só galegos senón orixinarios de calquera rexión da Península”, incluídos os portugueses. Dinos Giulia que é “un dereito dos galegos” eliminar un nome híbrido para o noso conxunto lírico medieval, porque, grazas aos novos datos exhumados polos científicos, hoxe sábese que o mixto *galego-portugués* non se compadece coa verdade histórica. E fai un chamamento non só á Real Academia Galega senón aos amigos e colegas galegos que traballan neste campo, moitos deles aquí presentes, para non só “reivindicaren incisivamente a denominación correcta de tal poesía”, senón tamén para que avancen en reprimariar os textos ata onde sexa posible, á procura da súa fasquía lingüística orixinal.

O apelo de Giulia non é unha afirmación nin unha petición no baleiro. Tras advertirnos da procurada lusitanización non só gráfica levada a cabo polos amanuenses de don Pedro, anímanos a proseguir co máximo rigor o seu estudo lingüístico: dunha banda, esculcando os textos á procura dos galeguismos que escaparon á manipulación; doutra, privilexiando a lección de A, por máis apegada á lingua orixinaria, sobre a dos cancioneiros que proveñen da colectánea de don Pedro (á que, con todo, cómpre dicilo, cabe o gran mérito de evitar que este patrimonio lírico se perdesa para sempre na néboa da historia).

Giulia Lanciani márcanos o camiño e pídenos que, por medio do estudo rigoroso, nos carguemos de razóns e de bases en defensa deste patrimonio de noso. Chámanos, como di ela no inicio do seu discurso, a reapropiarnos da nosa cultura, a exhibir orgullosamente como propios, de noso, os altos cumes líricos alcanzados polos nosos devanceiros e polos coetáneos que poetizaron na nosa lingua. Ofrécenos o seu saber e o seu apoio, como fan os bos e xenerosos. Confío, teño a certeza, en que saberemos agradecer e corresponder.

Bibliografía de
Giulia Lanciani



- António Ribeiro Chiado, *Auto das Regateiras*. Introduzione, testo e note a c. di G. L., Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1970.
- “Dagli “enuegs” alle “parvoices””, in *Cultura Neolatina*, XXX, 1970, pp. 250-299.
- Fernando Namora, *La Notte e l'Alba* [trad. di *A Noite e a Madrugada*], a c. di G. L., Lanciano, Editrice Itinerari, 1970.
- “Tre poesie da combattimento di Manuel Alegre”, tradotte e introdotte da G. L., in *Il Bimestre*, 22-23, 1972 (sett.-dic.), pp. 31-33.
- “A proposito di un testo attribuito a Fernan Velho”, in *Annali della Facoltà di Lingue e Letterature Straniere di Ca' Foscari*, XIII, 1974, pp. 299-311 (versione portoghuesa: “A propósito de um texto atribuído a Fernan Velho”, in *Estudos Italianos em Portugal*, n° XXXVIII-XXXIX, Lisboa 1975-1976, pp. 157-170).
- “Ayra Veaz o il trovatore dimezzato”, in *Cultura Neolatina*, XXXIV, 1974, pp. 99-115.
- “Misura ritmica e struttura sintattica nella prima poesia di Carlos Drummond de Andrade”, in *Studi di Letteratura Ispano-Americana*, V, 1974, pp. 45-70.
- Carlos de Oliveira, *Officina Poetica. Studio e antologia poetica*, a c. di G. L., Milano, Edizioni Accademia, 1975.
- Il Canzoniere di Fernan Velho*. Edizione critica con introduzione, note e glossario, L'Aquila, Japadre Editore, 1977.
- “Carlos de Oliveira e Majakovskij”, in *Spicilegio Moderno*, VIII, 1977 (1978), pp. 11-23.
- “La matrice letteraria dei resoconti portoghesi di naufragio dei secoli XVI-XVII”, in *Romanica Vulgaria - Quaderni*, I (Studi francesi e portoghesi 79), L'Aquila 1979, pp. 51-65.
- “La tipologia dei personaggi nel teatro di António Ribeiro Chiado”, in *Studj Romanzi*, XXXVII, 1979, pp. 165-184.

- Os relatos de naufrágios na literatura portuguesa dos séculos XVI e XVII*, Lisboa, Instituto de Cultura Portuguesa, 1979 (Biblioteca Breve, n° 41).
- “Salvador Espriu: da “Les Cançons d’Ariadna” a “Setmana Santa””, in *Miscel·lània Aramon i Serra. Estudis de Llengua i Literatura Catalanes oferts a R. Aramon i Serra en el seu setantè aniversari*, Barcelona, Curial, 1979, I, pp. 361-372.
- “Il “Seleuco” di Camões. Disgregazione e parodia d’una leggenda d’amore”, in *Romanica Vulgaria – Quaderni*, II (Studi Camoniani 80, a c. di G. L.), L’Aquila, 1980, pp. 101-113.
- “António José Saraiva, *A Épica Medieval Portuguesa*, Lisboa, 1979”, *Colóquio/Letras*, LIV, 1980 (março), 90-112.
- “O Portugal de Baretti”, in *Estudos Italianos em Portugal*, n° XLIII-XLIV, 1980-1981, pp. 139-158.
- “José Luis Rodríguez, *El Cancionero de Joan Airas de Santiago*, Santiago de Compostela, 1980, 407 pp. (Verba, Anexo 12)”, *Romanistisches Jahrbuch*, XXXII, 1981, pp. 404-406.
- “Considerazioni sulla traduzione letteraria”, *Actas de las jornadas de estudio suizo-italianas de Lugano* (22-24 de febrero de 1980), Milano, Cisalpino-Goliardica, 1981, pp. 147-152.
- “Variantes e reescrita em Carlos de Oliveira: Notas à margem de “Turismo””, in *Vértice*, XLII, 450-451, 1982 (set./dez.), pp. 674-685.
- Carlos de Oliveira, *Finisterra. Paesaggio e popolamento*. Traduzione e introduzione di G. L. di *Finisterra. Paisagem e povoamento* (Poeti e prosatori portoghesi. Collana diretta da G. L., n° 1), L’Aquila, Japadre Editore, 1983.
- Santa Maria da Barca: três testemunhos para um naufrágio*, Lisboa, Imprensa Nacional/Casa da Moeda, 1983.
- “Mito ed esperienza nella nomenclatura geografica dei “Lusiadi””, *Studi di letteratura ibero-americana*, Roma, Bulzoni, 1984, pp. 77-85.
- Naufragi e peregrinazioni americane di Gaspar Afonso*, Milano, Cisalpino-Goliardica, 1984 (premessa di A. Boscolo).
- Pedro Tamen, *Allegria del silenzio*. Studio introduttivo e traduzione di G. L. (in collab. con E. Finazzi-Agrò) (Poeti e prosatori portoghesi. Collana diretta da G. L., n° 2), L’Aquila, Japadre Editore, 1984.

- Ruy Belo, *Verde vittima del vento*. Studio introduttivo e traduzione di G. L. (Poeti e prosatori portoghesi. Collana diretta da G. Lanciani, n° 4), L'Aquila, Japadre Editore, 1986 (Intr. di E. Prado Coelho).
- “Textos portugueses dos séculos XVI a XVIII. Problemas ecdóticos”, *Critique textuelle portugaise*. Actes du Colloque (Paris, 20-24 octobre 1981), Paris, Centre Culturel Portugais, 1986, pp. 279-285.
- Sophia de Mello Breyner Andresen, *Il sole, il muro, il mare*. Studio introduttivo e traduzione a c. di G. L. (Poeti e prosatori portoghesi. Collana diretta da G. L., n° 6), L'Aquila, Japadre Editore, 1987.
- Guimarães Rosa, *Le sponde dell'allegria*. Prefazione, traduzione e glossario a c. di G. L. (*Primeiras Estórias*), Torino, SEI, 1988.
- “Proposta per un'edizione critico-genetica di “Pauis””, in *Revista da Biblioteca Nacional*, s. 2, III, 1988, pp. 135-139.
- “Ayra Veaz ou o trovador dimidiado”, in *Grial*, XXXVI, 1988 (abril-maio-xuño), pp. 153-167.
- “Bernardim Ribeiro”, in *Enciclopedia Virgiliana*, IV, Roma, Istituto dell'Enciclopedia Italiana, 1988.
- L. Ugo Japadre, *Motivi d'amore. Risonanze II*. Prefazione di G. L., Teramo, Eco, 1989.
- Salvador Espriu, *Cristallo di Parole*, a c. di G. L., L'Aquila, Japadre Editore, 1989 (Poeti e Prosatori Catalani, 1).
- Carlos Casares, *Gli oscuri sogni di Clio*, a c. di G. L., L'Aquila, Japadre Editore, 1989 (Poeti e Prosatori Galeghi, 1).
- “Aporie scritturali”, in *Studi in memoria di Eriilde Melillo Reali*, Napoli, Istituto Universitario Orientale, 1989, pp. 119-124.
- “Il Mediterraneo e l'Europa: catalani e portoghesi alla riconquista dei mercati orientali”, in *Studi di Iberistica*, Roma, Bulzoni Editore, 1989, pp. 129-136.
- “Il meraviglioso come scarto tra sistemi culturali”, in *L'America tra reale e meraviglioso. Scopritori, cronisti, viaggiatori*. Atti del Convegno di Milano (6-9 febbraio 1989), a c. di G. Bellini, Roma, Bulzoni Editore, 1990, pp. 213-218.
- “Une histoire tragico-maritime”, in AA.VV., *Lisbonne hors les murs. 1415-1580. L'invention du monde par les navigateurs portugais*, Paris, Editions Autrement,

- 1990, pp. 89-117. [In versione portoghese: “Uma história trágico-marítima”, in AA.VV., *Lisboa e os Descobrimentos. 1415-1580: a invenção do mundo pelos navegadores portugueses*, Lisboa, Terramar, 1992, pp. 85-112. In versione spagnola: “Una historia trágico-marítima”, in AA.VV., *Lisboa extramuros, 1415-1580. El descubrimiento del mundo por los navegantes portugueses*, Madrid, Alianza Editorial, 1992, pp. 89-117. In versione italiana: “Una storia tragico-marittima”, in AA.VV., *Lisbona oltre le mura. Il mondo dei navigatori portoghesi nell'età delle scoperte*, s.l. [Milano], Frassinelli, 1994, pp. 75-104].
- “A metodologia da tradução e o texto de Guimarães Rosa”, in *Revista do Instituto de Estudos Brasileiros*, XXXI, 1990, pp. 27-33.
- “As variantes e a sua “mise en page” na edição crítico-genética de Pessoa”, in *Um século de Pessoa*. Encontro Internacional do Centenário de Fernando Pessoa (Lisboa, 5-7 de Dezembro de 1988), Lisboa, Secretaria de Estado da Cultura, 1990, pp. 50-55.
- “Le Indie di riuso di Gaspar Afonso” (Relazione al Convegno *La letteratura dei Caraibi*, a cura del gruppo di ricerca CNR per lo studio delle ‘Culture letterarie dei paesi emergenti’, Ischia 5-7 ottobre 1990), in *Africa America Asia Australia*, XII, Roma, Bulzoni, 1991, pp. 49-54.
- “La letteratura portoghese”, in *Letterature Europee*, Milano, Editrice SAIE, 1991, pp. 128-153.
- José Saramago, *La seconda vita di Francesco d'Assisi*, a c. di G. L., Milano, Ricordi, 1991 [reeditado in José Saramago, *Teatro*, Torino, Einaudi, 1997, pp. 143-205].
- Tempeste e naufragi sulla via delle Indie*, Roma, Bulzoni, 1991.
- “Le traduzioni della *Commedia* in Portogallo, in Brasile e in Galizia”, in *L'Opera di Dante nel mondo. Edizioni e traduzioni nel Novecento*, a c. di Enzo Esposito, Ravenna, Longo Editore, 1992, pp. 103-111 [recollido tamén in *Studi in memoria di Giovanni Allegra*, Pisa, 1992, pp. 137-141].
- Jorge Amado, *Il ragazzo di Bahia*, trad. di G. L., Milano, Garzanti, 1992.
- “Figure e maschere chiadiane”, in *Arquivos do Centro Cultural Português*, XXXI, 1992, pp. 877-890.

- “A metodologia da tradução e o texto de Guimarães Rosa”, in *Rassegna Iberistica*, XLIV, 1992, pp. 31-38 [e in *Rev. Inst. Est. Bras.*, SP, 1990, pp. 27-33].
- Grammatica portoghese*, Milano, LED, 1993 (en coautoría con G. Tavani).
- Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa, Editorial Caminho, 1993 (en coautoría con G. Tavani).
- “Os descobrimentos e a ilha: história duma metáfora”, in *Estudos Universitários de Língua e Literatura. Homenagem ao Prof. Dr. L. de Azevedo Filho*, Rio de Janeiro, Tempo Brasileiro, 1993, pp. 559-564.
- “Arabi, mozarabi e cristiani a Lisbona”, in *La città mediterranea. Eredità antica e apporto arabo-islamico sulle rive del Mediterraneo occidentale e in particolare del Magreb*. Atti del Congresso internazionale di Bari (4-7 maggio 1988), Napoli, Istituto Universitario Orientale, 1993, pp. 239-248.
- “Lisbona mediterranea e atlantica tra arabi, mozarabi e cristiani”, in *Studi in onore di Giuseppe Bellini*, Roma, Bulzoni, 1993, pp. 263-269 (Africa, America, Asia, Australia, 15).
- “Note sul Portogallo di un viaggiatore italiano del Settecento”, *El Girador. Studi di Letterature Iberiche e Ibero-americane offerti a Giuseppe Bellini*, 2 voll., Roma, 1993, I, pp. 505-516.
- “Le scoperte e l’isola: storia di una metáfora”, in *Le caravelle portoghesi sulle vie delle Indie. Le cronache di scoperta fra realtà e letteratura*. Atti del convegno internazionale (Milano, 3-5 dicembre 1990), Roma, Bulzoni editore, 1993, pp. 19-25 [versión portuguesa “Os descobrimentos e a ilha: história duma metáfora”, in *Estudos Universitários de Língua e Literatura*, Rio de Janeiro, 1993, pp. 559-564].
- “Tra conquiste e naufragi”, in *Saggi e ricerche sulle culture extraeuropee*. Atti del Convegno di Belgirate (2-4 ottobre 1992), Roma, Bulzoni Editore, 1993, pp. 107-127.
- “Per una modellizzazione del resoconto portoghese di naufragio”, in *I Naufragi*. Atti del Convegno di Studi di Cagliari (8-10 aprile 1992), Roma, Bulzoni Editore, 1993, pp. 589-601 (e in Africa America Asia Australia, n° 14).
- “Lunardo da Ca’ Masser, legato e informatore della Serenissima a Lisbona”, in *Il Letterato tra miti e realtà del Nuovo Mondo: Venezia, il Mondo Iberico e*

- l'Italia*. Atti del Convegno di Venezia (21-23 ottobre 1992), Roma, Bulzoni Editore, 1994, 307-314.
- “Lusismi nelle traduzioni italiane di cronache portoghesi”, in *L'Età delle scoperte geografiche nei suoi riflessi linguistici in Italia*. Atti del Convegno di Studi (Firenze, 21-22 ottobre 1992), Firenze, Accademia della Crusca, 1994, pp. 179-190.
- José Saramago, *Il perfetto viaggio*, trad. e introduzione di G. L., Milano, Bompiani, 1994.
- Jorge Amado: *ricette narrative*, a c. di G. L., Roma, Bulzoni Editore, 1994 (Lusobrasilica, n° 1).
- “La critica dantesca in Portogallo”, in *Dalla bibliografia alla storiografia: la critica dantesca nel mondo dal 1965 al 1990*, a c. di E. Esposito, Ravenna, Longo Editore, 1995, pp. 121-124.
- “Per una tipologia della tenzone galego-portoghese”, in *Medioevo y Literatura*. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (27-30 settembre 1993), ed. de J. Paredes, Granada, Universidad de Granada, 1995, I, pp. 117-130 [e in *Rassegna Iberistica*, n° LIII, settembre 1995, pp. 3-16].
- “Contributo ad una bibliografia delle traduzioni italiane di testi letterari e paraletterari brasiliani”, in *Libri e riviste d'Italia. La traduzione. Saggi e documenti*, II, Roma, Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato, 1995, pp. 203-224.
- “Tradurre Guimarães Rosa”, in *Libri e riviste d'Italia. La traduzione. Saggi e documenti*, II, Roma, Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato, 1995, pp. 195-212.
- As cantigas de escarnio*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1995 (en coautoría con G. Tavani).
- “Introduzione” a *Poesies* di Antoni Canu, Alguer, 1995, pp. 7-11.
- José Saramago: *il bagaglio dello scrittore*, a c. di G. L., Roma, Bulzoni Editore, 1996 (Lusobrasilica, n° 2).
- “Gli universali irriducibili di José Saramago”, in *José Saramago: il bagaglio dello scrittore*, a c. di G. L., Roma, Bulzoni, 1996, pp. 63-71.
- Sucessos e naufrágios das naus portuguesas*, Lisboa, Caminho, 1997.
- “Sobre alguns problemas da poesia trovadoresca”, in *Un Lume nella Notte. Studi di Iberistica*, Roma, 1997, pp. 137-142.

- “Da *Nanetto Pipetta* a *La Divina Increnca* di Juó Bananére”, in *Italia, Iberia y el Nuevo Mundo*, Roma, 1997 (e in *Bérénice*, VIII, n° 23, luglio 2000, pp. 60-69).
- “Il portoghese da espressione periferica a lingua imperiale”, in *L'Europa dei popoli*, Roma, Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato, 1997.
- “Lusismos nas traduções italianas de crónicas portuguesas”, in *Sentido que a vida faz. Estudos para Óscar Lopes*, Porto, Campo das Letras, 1997, pp. 633-642.
- José Saramago, *In nomine Dei*, traduzione di G. L., in José Saramago, *Teatro*, Torino, Einaudi, 1997, pp. 207-288.
- “*Nojo tom'è quer prazer é de Fernão Velho?*”, in *Ondas do Mar de Vigo*. Actas do Simpósio Internacional sobre a Lírica Medieval Galego-Portuguesa, Birmingham, University of Birmingham, 1998, pp. 132-138.
- Manuel Bandeira, *Libertinagem – Estrela da manhã*, Edição crítica, coordinadora G. L., Madrid, 1998, LVII+781 pp. (Introdução e Nota filológica).
- “Il sebastianismo: un sogno che nasce come logos”, in *Sogno e scrittura nelle culture iberiche*. Atti del XVII Convegno dell'Associazione Ispanisti Italiani (Milano 24-26 ottobre 1996), Roma, Bulzoni Editore, 1998, pp. 339- 349.
- A cantiga de escarnho e maldizer*, Lisboa, Edições Colibri, 1998 (en coautoria con G. Tavani).
- “Sobre alguns problemas da poesia trovadoresca”, *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, edición de Dieter Kremer, Vigo, Galaxia, 1998.
- “A Cantiga de amigo, canción de retagarda”, Congreso O mar das cantigas, Actas *Perfil di Storia Linguistica e Culturale del Portogallo*, Roma, Bulzoni Editore, 1999.
- Noite poética italo-portuguesa*, Lisboa, 1999.
- “Il Catai di Fernão Mendes Pinto”, in *Giovanni Caboto e le Vie dell'Atlantico Settentrionale*. Atti del Convegno Internazionale di Studi (Roma, 29 settembre- 1 ottobre 1997), Genova, Brigati, 1999, pp. 551-558.
- “Antonio Vieira, predicatore laico”, in *La scrittura e la voce*. Atti del Convegno Internazionale sui gesuiti José de Anchieta e António Vieira, Padova, CLEUP Editrice, 1999, pp. 121-127.

- João Guimarães Rosa. Il che delle cose*, Roma, Bulzoni Editore, 2000 (Lusobrasilica, n° 3).
- “Dos relatos de naufrágios à *História Trágico-Marítima*: um exemplo de dinâmica textual”, in *Filologia, Literatura e Linguística. Colóquio Internacional* (Curia 1997), Porto, Fund. Eng. António de Almeida, 2000, pp. 31-41.
- “La funzione parodica nel teatro camoniano”, in *Dal testo alla scena. Atti del Convegno di Studi* (Napoli 22-24 aprile 1999), in *Drammaturgia e spettacolarità nel teatro iberico dei Secoli d’Oro*, Napoli, Edizioni del Paguro, 2000, pp. 49-58.
- “Poesia di memoria e intuizione”. Introduzione a *En l’arc dels dies* di Antonio Canu, Alghero, 2000, pp. 7-14.
- “Poeti portoghesi del Novecento”, in *Trame*, I, 1, 2000, pp. 29-119.
- Teresa Rita Lopes, *A fior di parola*. Studio introduttivo, traduzione e note a c. di G. L. (Poeti e prosatori portoghesi. Collana diretta da G. Lanciani, n° 13), L’Aquila, Japadre Editore, 2000.
- “Identità e possessione: il *Faust* di Pessoa”, in *La Storia di Faust nelle letterature europee*, Napoli, CUEN, 2000, pp. 191-206.
- “Roma e il Brasile. Da Anchieta a Chico Buarque de Holanda”, in *Il Veltro*, XLIV, gennaio-aprile 2000, pp. 269-275.
- José Régio, trent’anni dopo*. Convegno Internazionale (Roma 9-11 dicembre 1999), Actas do Encontro Internacional *José Régio trinta anos depois*, in *Boletim do Centro de Estudos Regianos*, Vila do Conde, Junho-Dezembro, 2000, n° 6-7, pp. 5-15.
- Lingue e culture d’Europa: esperienze di traduzione a confronto*, a c. di G. Lanciani e Cl. Lasorsa, Roma, Università degli Studi di Roma Tre, 7 aprile-20 maggio 2000.
- “Omaggio a Manuel Simões, poeta”, in *L’Acqua era d’oro sotto i ponti. Studi di Iberistica che gli Amici offrono a Manuel Simões*, Roma, Bulzoni Editore, 2001, pp. 329-333.
- José Saramago, *Il Diritto e le Campane*, trad. di G. L., in *Trame*, Università di Cassino, anno II, II, 2001, pp. 39-47.

- Régio ou o eu-deus*, in *Presenças de Régio* (coord. A. M. Ferreira), Aveiro, Universidade de Aveiro, 2001, pp. 11-16.
- “Carlos de Oliveira: un percorso genetico”, in *Studi di Iberistica*, Roma, Bulzoni Editore, 2001, pp. 125-132.
- Vasco Graça Moura, *Tra conoscenza e complice armonia*, introduzione, traduzione e note a c. di G. L., L'Aquila, Japadre, 2002.
- Viaggi e naufragi portoghesi sulla via delle Indie*, Napoli, Liguori Editore, 2002.
- Inchiostro nero che danza sulla carta. Antologia di poesia portoghese contemporanea*, a c. di G. L., Milano, Oscar Mondadori, 2002.
- Il plurilinguismo nel teatro di Gil Vicente*, in “Eteroglossia e plurilinguismo letterario”. II. *Plurilinguismo e letteratura*. Atti del XXVIII Convegno interuniversitario di Bressanone (6-9 luglio 2000), a c. di F. Brugnolo e V. Orioles, Roma, Ed. Il Calamo, 2002, pp. 195-201.
- Un secolo di Eça*. Atti del Convegno nel centenario queirosiano (Roma 1-3 febbraio 2001), Roma, La Nuova Frontiera, 2002.
- “L'Elsinore lusitano”, in *La traduzione di Amleto nella cultura europea*, org. di M^a S. Garbero, Padova, Marsilio, 2002, pp. 51-60.
- “O Plurilinguismo no teatro de Gil Vicente”, in *Gil Vicente 500 Anos depois*, II, Lisboa, Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 2003, pp. 45-52.
- João Guimarães Rosa, *La terza sponda del fiume*, traduzione e studio di G. L., Milano, Oscar Mondadori, 2003.
- Il Brasile di Ungaretti*, Roma, Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato, 2003.
- Un'altra voce – Outra voz. Antologia di poesia italiana contemporanea*, a c. di F. Buffoni, Milano, Marcos y Marcos, 2003 (trad. portuguesa di G. L.).
- “Memoria e innocenza” in *Manlio Masu, Il pittore, il poeta, la città*, Alghero, 2003.
- Eugénio de Andrade, *Le mani e i frutti*, traduzione e studio di G. L., in *Poeti e Poesia*, Roma, I, maggio 2004, pp. 98-125.
- Sophia de Mello Breyner Andresen, Il labirinto della parola*, in *Poesia*, Milano, XVII, ottobre 2004, n. 187, pp. 38-48.
- “*Repetita iuvant?*”, in *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos depois*. Actas do Congresso Internacional (Santiago de Compostela 25-28 de maio de 2004), Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2004, pp. 137-143.

- “Materia e luce”, in *Poeti e poesia*, I, maggio 2004, pp. 98-125.
- “Fernando Pessoa: an ineluctable choice”, in *City Lights, pocket poets and pocket books*, a c. di A. Stefanelli, Palermo-Roma, La Palma ed., 2004, pp. 266-273.
- Scrittori e critici a confronto* (Andrea Camilleri, Manuel Vázquez Montalbán, José Saramago dialogano con Giulia Lanciani, Sergio Campailla, Piero Boitani, Arturo Mazzarella, Nino Borsellino). Atti del Convegno, a c. di G. L., Roma, La Nuova Frontiera, 2004.
- “Traduir Espriu”, in *Si de nou volem passar. I Simposi Internacional Salvador Espriu*, Barcelona, Publicacions de l'Abbadia de Montserrat, 2005, pp. 225-238.
- “Manoel de Barros. Mondo e parole”, in *Mosaico Italiano*, agosto 2005, Istituto Italiano di Cultura, Rio de Janeiro, Editora Comunità, 2005, pp. 2-17.
- Carlos Drummond de Andrade, *Quando è giorno di partita*, Roma, Cavallo de ferro ed., 2005, 206 pp. (studio e traduzione di G. L.).
- “Cambiare un po' il mondo”, in *Quaderno del Dipartimento di Letterature Comparete*, Università degli Studi Roma Tre, I, 2005, pp. 327-334.
- José Luís Peixoto, *Questa terra ora crudele*, Roma, La Nuova Frontiera, 2005, 61 pp. (trad. di G. L.)
- Alain Elkann, *Mitzváh*, Lisboa, Cavallo de ferro ed., 2005, 59 pp. (trad. de G. L.).
- Poeti brasiliani e poeti portoghesi*, in *Poesia*, Milano, XVIII, dicembre 2005, n. 200 (400 Poeti del 900), pp. 78-79 e pp. 158-161.
- Morfologie del viaggio*, Milano, LED ed., 2006.
- “Da Roma al Brasile”, in *Mosaico Italiano*, Istituto Italiano di Cultura, Rio de Janeiro, Editora Comunità, 2006.
- “Miro Villar e la poesia galega di fine secolo”, in *Studi in ricordo di Carmen Sánchez Montero*, a c. di G. Benelli e G. Tonini, Trieste, Università degli Studi di Trieste, 2006, vol. I, pp. 157-169.
- José Saramago, *Di questo mondo e degli altri*, Torino, Einaudi, 2006 (studio introduttivo e traduzione di G. L.).
- “L'edizione critica del Codice Riccardiano 1910 di Luciano Formisano”, in *Mundus Novus. Amerigo Vespucci e la sua eredità*, Roma, Ministero per i Beni e le Attività Culturali, 2006, pp. 53-57.

- “Contributo alla ricostruzione genetica di un corpus letterario”, in *Quaderno del Dipartimento di Letterature Comparete*, Università degli Studi Roma Tre, II, 2006, pp. 407-418.
- “Un pellegrinaggio portoghese in Vaticano”, in *Gli scrittori stranieri raccontano Roma*, a c. di S. Campailla, Roma, Newton Compton Editori, 2008, pp. 180-189.
- Da Roma all'Oceano. La lingua portoghese nel mondo*. Atti del Convegno, a c. di G. L., Roma, La Nuova Frontiera, 2008.
- “Il mistilinguismo italo-portoghese nel Brasile dell'emigrazione”, in *Da Roma all'Oceano. La lingua portoghese nel mondo*, Roma, La Nuova Frontiera, 2008, pp. 109-116.
- Manuel Alegre, Un poeta errante*, in *Manuel Alegre, Nada está escrito*. Cinque poesie di Manuel Alegre, nota e traduzioni di G. L., Vicenza, L'Officina, 2008.
- “Il calcio secondo Drummond”, in *Angeli & Demoni in scarpe bullonate. I miti calcistici nella riellaborazione contemporanea*, a c. di Gian Luigi De Rosa e Enrico Martines, Parma, MUP, 2008, pp. 63-76.
- “Della traducibilità: il “caso” Pessoa”, in *Quaderno del Dipartimento di Letterature Comparete*, Università degli Studi Roma Tre, III, 2008, pp. 243-248.
- “Introduzione” a *La via delle spezie*, di Francesco Surdich, Genova, Il Portolano, 2008.
- “Itinerario poetico di Antonio Canu”, in *L'Alguer*, n. 120, settembre-ottobre 2008.
- “L'anno zero di Lisbona”, in *La furia di Poseidon. 1908 e 1968: i grandi terremoti di Sicilia*, 2 voll., Silvana Editoriale, Cinisello Balsamo-Milano, 2009, II.
- “Il «caso» Pessoa”, in *Testo a fronte*, n. 40, I semestre 2009.
- “Memoria e innocenza”, in *Manlio Masu* (a c. di Tonino Oppes), Nuoro, Grafiche Editoriali Solinas, 2009.
- “A lexicografia bilingue: problemas e métodos”, in *Actas da Jornada de Estudos Italianos em honra de Giuseppe Mea*, Porto, Ed. Nunes, 2009.
- “Il problema dell'identità nel Modernismo brasiliano”, in *Quaderno del Dipartimento di Letterature Comparete*, Università degli Studi Roma Tre, 4, 2009.

- “La politica di Pombal e le ragioni dell’espulsione dei gesuiti dal Portogallo”, in *Ricerche di storia sociale e religiosa* (Roma), A XXXVIII, n. s., n. 76 (lug.- dic. 2009).
- “Os trovadores perdidos: perdidos?” in *Actas del Congreso Internacional «In mariis peregrinorum»*, Santiago de Compostela 24-28 marzo 2008, Firenze, Edizioni del Galluzzo, 2010.
- La meccanica dell’errore: studi di letteratura medievale*, Roma, Viella, 2010.
- “Lusoglosse Romane”, Atti del convegno a cura di G.L., Roma, La Nuova Frontiera, 2011.
- Manuel Alegre, *Ci sarà un altro mare*, Saggio introduttivo e traduzione di G.L., Lugo, Edizioni del Bradipo, 2011.
- “Pedro Tamen: il nome delle cose”, in *Poesia: mensile internazionale di cultura poetica*, Milano, 2011.
- Saramago, José, *La seconda vita di Francesco d’Assisi e altre opere teatrali*, traduzioni di Rita Desti e Giulia Lanciani, Milano, Feltrinelli, 2011.
- Pessoa, Fernando, *Il libro del genio e della follia*, a c. di Jerónimo Pizarro; edizione italiana a c. di Giulia Lanciani, Milano, Mondadori, 2012.

Índice

DISCURSO DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA GIULIA LANCIANI	7
RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA ROSARIO ÁLVAREZ	19
BIBLIOGRAFÍA DE GIULIA LANCIANI	29

Real Academia Galega

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña


Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467

secretaria@realacademiagalega.org

www.realacademiagalega.org

ISBN 978-84-87987-92-2



9



REAL ACADEMIA GALEGA

